



Concello de Vilaboa

BASES DO CONCURSO DE DECORACIÓN NADAL – VILABOA 2023

1. OBXETO.

O Concello convoca este concurso dirixido a todos os veciños e veciñas cós seguintes fins:

1. Dinamizar a participación activa da veciñanza de Vilaboa.
2. Colaborar en infundir un ambiente do Nadal decorativo baseado en valores como o traballo en común, la fraternidade ou a cooperación.
3. Contribuír ao aforro económico en torno a materiais de decoración do Nadal e dispor de elementos decorativos que aporten ao Concello de Vilaboa un entorno de Nadal acolledor e ilusiónante.
4. Conceder un papel activo á veciñanza de Vilaboa e/ou aos seus colectivos coma fonte de desenrolo do Concello.
5. Fomentar os valores locais e que queden expostos nos distintos elementos decorativos do Nadal.
6. Fomentar o uso de materiais de reciclaxe como recurso educativo á veciñanza.

2. PARTICIPANTES.

Establécense unha única categoría **Colectiva:**

Poderán participar asociacións ou grupos de veciños e veciñas do Concello de Vilaboa que realicen a súa montaxe decorativa no termo municipal de Vilaboa: barrio, lugar, rúa, etc. Os participantes ceden o dereito de imaxe das súas decoracións ao Concello de Vilaboa.

3. PROYECTOS DE DECORACIÓN.

Os espazos poderán ser calquera lugar, rúa, parque ou espazo común.

Concello de Vilaboa

C/ Toural, 1, Vilaboa. 36141 (Pontevedra). Tfno. 986708215. Email: info@vilaboa.org



Concello de Vilaboa

A decoración deberá ter relación coa festividade do Nadal e os motivos tradicionais da mesma, tendo total liberdade en canto á técnica e estilo.

4. MATERIAIS EMPREGADOS.

Para decoración do Nadal poderanse empregar todo tipo de materiais. Estando tamén permitido o uso de elementos de decoración iluminativos.

5. INSCRIPCIÓN.

Os interesados en participar no concurso, deberán formalizar a súa inscrición dende o 15 de novembro ao 7 de decembro de 2023, sendo a recollida de inscricións así coma a súa entrega do seguinte xeito:

1. No Rexistro do Concello de Vilaboa dirixida á Alcaldía de luns a venres en horario de Rexistro (9:00 – 14:00).
2. Na dirección de correo electrónico: info@vilaboa.org.

As inscrición deberán ir debidamente cumprimentadas, atopándose as bases do concurso e os formularios na páxina web do Concello (www.vilaboa.org).

Deberán presentarse como mínimo tres fotos coa decoración realizada para ser valoradas polo xurado.

6. CONDICIONES DE PARTICIPACIÓN.

A montaxe e desmontaxe dos elementos decorativos será realizado por cada participante. Os elementos decorativos do Nadal deberán permanecer expostos durante o período establecido (do 10 de decembro de 2023 ao 8 de xaneiro de 2024, ambos inclusive). Se non se cumprira dita condición, desestimariase a participación da asociación, colectivo ou que o incumprira, salvo



Concello de Vilaboa

causas maiores que serán valoradas polo xurado.

Durante o período de exposición dos elementos decorativos, permitirase a visita dos mesmos á poboación en xeral, de maneira totalmente gratuíta.

No caso de producirse algún tipo de dano do material empregado durante o período de exposición, este será responsabilidade do colectivo que montou a decoración sendo este o único competente para a súa reparación.

7. ENTIDAD ORGANIZADORA.






O Organismo encargado da valoración do concurso será o Concello de Vilaboa, a través do xurado formado por membros do Concello, que visitara entre o 10 e o 17 de decembro para elixir os gañadores.

8. XURADO.

O Xurado estará composto por representantes do concello de Vilaboa, o alcalde ou persoa en quen delegue e un representante de cada Partido Político con representación municipal. Ademais o encargado xeral do Concello asistirá como asesor.

9. VALORACIÓN.

Para a valoración dos elementos decorativos de Nadal de cada Asociación ou colectivo, o tribunal terá en conta os seguintes criterios:

-  Deseño.
-  Orixinalidade.
-  Iluminación.
-  Fomento dos valores locais.
-  Cantidade e tipoloxía dos materias de reciclaxe empregados.



Concello de Vilaboa

Cada membro do xurado puntuará a decoración de 1 a 5 puntos. A suma de todos os puntos recibidos polos membros do tribunal, dará lugar aos gañadores do concurso.

Os e as concursantes comprométense a aceptar a decisión do Xurado.

10. PREMIOS.

Establécense tres categorías de premios:

- ✚ Premio a creatividade, orixinalidade, iluminación, etc.
- ✚ Premio maior sensibilidade co medio ambiente, valorando unha decoración sostible, o uso de materias de reciclaxe e outros que poidan axudas á sustentabilidade e mellora do medio ambiente).
- ✚ Premio ao Espírito do Nadal, neste caso buscamos valorar a colaboración entre a veciñanza, o traballo en equipo, a recuperación dos “valores de barrio”, premiando aqueles barrios ou lugares coa mellor decoración.

Cada premio estará valorado en 200 EUROS.

11. ENTREGA DE PREMIOS :

Os premios entregaranse antes do 23 de Decembro.

A participación no concurso supón a aceptación destas bases



Concello de Vilaboa

C/ Toural, 1, Vilaboa. 36141 (Pontevedra). Tfno. 986708215. Email: info@vilaboa.org



Concello de Vilaboa

CONCELLO DE VILABOA

Toural nº1 – 36141 VILABOA

Telf. 986708215

www.vilaboa.org

Email: info@vilaboa.org

CONCURSO DECORACIÓN DA NADAL – VILABOA 2023	
CATEGORÍA (marque cunha X)	<input type="checkbox"/> Colectiva
NOME do colectivo (se procede)	
Nome e apelidos da persoa de referencia do concurso	
Dirección (Casa, barrio, rúa, etc.)	
Email:	
Teléfono:	
Materiais empregado	
Fotografías	

Mediante a sinatura deste formulario:

1. Acepto as condicións para a participación no concurso.
2. Autorizo ao Concello de Vilaboa, ao uso de xeito gratuíto das imaxes por tempo ilimitado, para a súa utilización nos materiais divulgativos institucionais.

Asdo:

Concello de Vilaboa

C/ Toural, 1, Vilaboa. 36141 (Pontevedra). Tfno. 986708215. Email: info@vilaboa.org